



CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) E A ASOCIACIÓN MONTAÑAS DO COUREL PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA PARA A DIFUSIÓN, PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DOS LUGARES DE INTERÉS XEOLÓXICA (GEOSITES), DA CANDIDATURA A XEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO MONTAÑAS DO COUREL: MONTAÑAS DO COUREL A VISTA DE DRON.

Folgoso do Courel, a 4 de novembro de 2017

REUNIDOS



Dunha parte, Miguel Ángel Pérez Dubois, en representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 1, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de director xeral, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 41/2016, de 7 de abril (DOG núm. 67, do 08.04.2016), actuando en virtude do seu expresado cargo, e en virtude das facultades delegadas polo acordo da Presidencia da Agader do 11 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 05.08.2013).



Doutra, Roberto Castro González, na súa calidade de presidente da Asociación Montañas do Courel.

Ambas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN

Que ambas entidades son conscientes da necesidade de conservar os elementos do patrimonio cultural e natural, tanto material como inmaterial de Galicia que permitan por un lado unha

adecuada oferta no ámbito do turismo rural e por outro unha axeitada conservación do contorno sociocultural do rural galego.

Que Agader é un ente público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural, e contribuír á cohesión do territorio galego.

As funcións da Agader previstas nos seus comezos aparecen recollidas na Lei 5/2000, do 28 de decembro. Posteriormente modificáronse polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000 (DOG núm. 244, do 17 de decembro), e polo apartado dous da disposición derradeira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 250, do 30 de decembro).

De conformidade co disposto na citada Lei 5/2000, do 28 de decembro, entre as funcións da axencia están:



Promover e incentivar a cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.


Agader quere acometer a posta en marcha de proxectos singulares que poidan afectar a elementos do ámbito cultural e natural de Galicia, xa que as devanditas actuacións inciden tanto na preservación dos valores sociais do rural e da propia relación dos seus habitantes co seu medio, como na mellora dos servizos educativos, culturais, e de ocio que farán do medio rural un lugar máis atractivo e polo tanto favorecerán a fixación da poboación no campo galego, e mesmo do tecido produtivo, ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista da diversificación económica enfocada principalmente ao ámbito do turismo.

Agader pretende defender e promocionar os valores culturais e de conservación do contorno natural do pobo galego, actuando no fomento e promoción da cultura, e na protección, conservación e difusión do patrimonio natural; a cultura dende o rural e para o rural debe de ser sen dúbida un dos alicerces nos cales se deben soster as políticas de fixación de poboación


durante os vindeiros anos e todo isto dentro da defensa do contorno e o respecto á biodiversidade.

A Asociación Montañas do Courel, constituída polos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil, están a traballar nunha Candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO para as Montañas do Courel.

No proxecto obxecto de intervención desenvolverase un amplo programa de difusión, orientado á transformación da realidade social do territorio que ao tratarse dunha zona rural, coa realización do mesmo, garante que os veciños ou empresas do sector poidan ofertar os elementos patrimoniais intervidos como un centro de interese cultural e turístico.



A colaboración decídese en base a criterios obxectivos tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, a singularidade e excepcionalidade do elemento a tratar, implicación por parte da entidade no desenvolvemento de actividades de difusión, remate e acondicionamento de infraestruturas existentes, necesidade da urxencia para as actuacións de conservación, dispor dos medios económicos e técnicos precisos para facer fronte ao investimento destas características.



Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións


O obxecto do presente convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Agader e a Asociación Montañas do Courel para a **difusión, promoción e divulgación dos Lugares de Interese Xeolóxico (Geosites), da Candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas**

do Courel: Montañas do Courel a vista de dron como elemento de interese no patrimonio cultural e natural de Galicia.


SEGUNDA.- Actuacións a realizar

O territorio, a través das actuacións da Asociación que o representa para a candidatura a Xeoparque da Unesco precisa seguir co seu proceso de promoción, difusión e divulgación dos seus recursos xeolóxicos, sendo esta liña de traballo unha máis das que se debe traballar como Xeoparque Candidato.

Neste senso a proposta que se plantexa para esa promoción, difusión e divulgación dos seus recursos xeolóxicos, pode considerarse novedosa, xa que se decide realizar gravacións por medio de dron dos principais lugares de interese xeolóxico que forman parte da candidatura, para elaborar un pequeno vídeo promocional do conxunto da candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel.



Para elo levarase a cabo a realización de gravacións mediante imaxes aéreas (dron), combinadas con imaxes terrestres en lugares que pola dificultade de gravación aérea non sexa posible, dos principais puntos de interese xeolóxico, de interese sobre a biodiversidade, e dos lugares de interese cultural, para elaborar un vídeo promocional dos recursos cos que conta a Candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel; para isto cómpre realizar as actuacións necesarias que permitan ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos de difusión ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a toda a cidadanía e visitantes de Galicia o uso das fontes de coñecemento e da cultura, así como dar a posibilidade de crear centros de interese turístico.




De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece nos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil, no cal se deben facer traballos cuxos obxectivos deben explorar, desenvolver e promover as relacións entre o seu patrimonio xeolóxico, e todos os demais aspectos patrimoniais presentes na zona.


TERCEIRA.- Obrigas da Asociación

A Asociación Montañas do Courel comprométese, pola súa parte, a facer a gravación de imaxes dos principais puntos de interese recollidos no dossier da candidatura (97 xeolóxicos, 6 sobre biodiversidade e 39 culturais), desprazamentos e custos de aloxamento do persoal técnico para a gravación de imaxes, realización da montaxe dun vídeo promocional de 3-5 minutos de duración con música orixinal para acompañar ás imaxes, e xestión dos permisos e autorizacións necesarios para a gravación mediante dron.

- 6 Lugares de interese sobre a biodiversidade: destacando a Devesa da Rogueira, Árbores senlleiras (Castaño Val da Fonte e Teixo de Cereixido), e microreservas de orquídeas.
- 39 elementos de interese cultural: castelos, aldeas declaradas BIC na categoría de Lugar de interese etnográfico, túnel romano de Montefurado, explotacións auríferas, castros, muíños, fornos de cal, etc...



A Asociación Montañas do Courel comprométese, así mesmo a facer constar en toda a publicidade –principalmente audiovisual- a colaboración da Agader e a Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia Agader e a Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.




Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.


O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que a Asociación Montañas do Courel cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

Para poder ser beneficiario da subvención a Asociación deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización a AGADER para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.




A asociación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. Agader poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

CUARTA.- Financiamento

Agader comprométese a aboar á Asociación Montañas do Courel a cantidade de 9.000,00 €, para os traballos descritos nos parágrafos anteriores con cargo á aplicación orzamentaria 13.A1.712A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, código de proxecto 2017-00003 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".


Esta cantidade, 9.000,00 €, trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, Agader poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo de 4.500,00 €. O pagamento restante, 4.500,00 €, pagarase no momento da completa xustificación pola Asociación do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.



A Asociación tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 50%, ou sexa 4.500,00 €.



O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, ás administracións públicas.

No caso de que a Asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA.- Xustificación dos gastos

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas . A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 20 de decembro de 2017.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.


A Asociación presentará electronicamente a conta xustificativa da subvención, coa data límite de 20 de decembro de 2017 e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e prace do/a presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa orixe.
- Acta de recepción.


A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).



No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2017, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.



No caso de que a Asociación Montañas do Courel non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, unha vez comprobada polo persoal técnico da Agader, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá

o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA.- Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral da AGADER, e polo presidente da Asociación Montañas do Courel .

SÉTIMA .- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as realizadas a partires do 1 de xaneiro de 2017.

UNDÉCIMA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación

electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O director xeral da Agader

O presidente da Asociación
Montañas do Courel



Miguel Ángel Pérez Dubois



Roberto Castro González